



CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
3410/2024	La Junta de Gobierno Local	16/05/2024

Dna. Pilar del Carmen Saborido Díaz , EN CALIDADE DE SECRETARIA DE ESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión celebrada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

EXPEDIENTE 3410/2024. APROBACIÓN DAS BASES DE ACTIVIDADES DE LECER 2024-2025

Favorable Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

A vista da necesidade de aprobación dunha bases reguladoras das actividades de lecer no Concello de Barbadás para as anualidades 2024-2025

Vista a proposta de resolución emitida pola Concellería de Cultura e Participación Veciñal.

De conformidade coas delegacións efectuadas pola Alcaldía por Resolución de Alcaldía de data 04/07/2023, decreto núm. 2023-1533,

RESOLUCIÓN

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA,

Aprobar as bases reguladoras das actividades de lecer do Concello de Barbadás para a anualidade 2024-2025, que a continuación se transcriben:

BASES REGULADORAS DA INSCRICIÓN NAS ACTIVIDADES DE LECER DO CONCELLO DE BARBADÁS ANUALIDADE 2024-2025

Artigo 1. Obxectivo e ámbito de aplicación.





As presentes bases regularán o proceso de inscrición nas actividades de lecer en Barbadás organizadas nas distintas parroquias polo Concello de Barbadás durante a anualidade 2024-2025.

Ofertanse as seguintes actividades:

- Manualidades
- Ximnasia de mantemento
- Pintura
- Teatro

Artigo 2. Destinatarios.

As actividades lúdicas están dirixidas a poboación adulta, maiores de 18 anos. A actividade de teatro dirixese a poboación a partir de 6 anos de idade.

Artigo 3. Lugar de desenvolvemento.

As actividades de manualidades e ximnasia de mantemento desenvolverase nos seguintes locais sociais:

- Local social de Loiro
- Local social de Sobrado
- Local social de Bentraces
- Local social de Barbadás
- Local social das Lamas
- Local social O Fonval
- Local social do Fonsillón
- Local social da Finca Fierro
- Local social de Parada
- Local social de Piñor
- Local social de Santa Uxía





A actividade de pintura desenvolverase no local municipal da Rúa do Ensino nº 5 (A Valenzá).

A actividade de teatro desenvolverase na Casa da Cultura sita na rúa San Bernabé nº 37 (A Valenzá).

Artigo 4. N° de prazas ofertadas.

Para que se leve a cabo a actividade nunha das referenciadas parroquias (Loiro, Sobrado, Bentraces, Barbadás, As Lamas, A Valenzá, Fonsillón, Finca Fierro, Parada, Piñor e Santa Uxía) será preciso un número mínimo de 5 persoas. O número máximo de participantes en cada unha das parroquias será de 15 persoas.

No caso da actividade de teatro ofertaranse un total de 36 prazas dividido en 3 grupos de idade. En cada un dos grupos o número máximo de participantes será de 12 persoas, para que se realice a actividade será preciso un número mínimo de 5 persoas por grupo de idade. Os grupos de idade quedan establecidos como segue:

- Aula de teatro infantil de 6 anos ata 11 anos (deberán cumprir os 6 anos no ano 2024)
- Aula de teatro xuvenil: de 12 anos ata 17 anos.
- Aula de teatro para persoas adultas: a partir de 18 anos.

Artigo 5. Horario e calendario.

As actividades comezarán o día 1 de outubro do 2024 e rematará o 30 de maio do 2025.

Os horarios previstos para a realización das actividades son os seguintes:

	LUNES	MARTES	MÉRC ORES	XOVES	VEN RES
9:30		PARADA DE PIÑOR		PARADA DE PIÑOR	
10:30		A VALENZA (POLIDEPORTIVO)		A VALENZA (POLIDEPORTIVO)	
16:00	BENTR ACES		BENTR ACES		
16:15		PIÑOR			
17:00	SOBRA DO				
FINCA FIERRO	BARBA DAS	SOBRADO	BARBA DAS	FINCA FIERRO	





Concello de Barbadás

18:00	LOIRO		LOIRO		PIÑO R
18:15		AS LAMAS		AS LAMAS	





XIMNASIA DE MANTEMENTO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES
SOBRADO (Anexo Velorio) 16:00-16:45	PIÑOR (Local Campo de Roma) 16:15-17:00	SOBRADO (Anexo Velorio) 16:00-16:45	
BENTRACES (Antiga escola) 17:00-17:45	BARBADÁS (Arriba) 17:15-18:00	BENTRACES (Antiga escola) 17:00-17:45	BARBADÁS (Arriba) 17:15-18:00
LOIRO (Teleclube) 18:00-18:45	AS LAMAS (Local social) 18:15-19:00	LOIRO (Teleclube) 18:00-18:45	AS LAMAS (Local social) 18:15-19:00
FONVAL 19:00-20:00	FINCA FIERRO	PARADA (Local social)	FINCA FIERRO

MANUALIDADES

HORARIOS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES
16:00-17:45h	FONVAL (Rúa do Ensino 5)	SOBRADO (Fidalguiño)	LOIRO (Teleclub)	PIÑOR (Local Camp de Roma)
18:00-19:45h	FINCA FIERRO (Local social)	BARBADÁS (Arriba)		

PINTURA

HORARIO	MARTES	
10:00- 12:00H	PINTURA (Rúa do Ensino nº5)	
16:00-18:00H		PINTURA (R

- Teatro:

- o Aula de teatro infantil: mércores de 17:00 – 18:00 horas





- o Aula de teatro xuvenil: mércores de 18:00 – 19:00 horas
- o Aula de teatro adultos: mércores de 19:00 – 20:00 horas

Os anteriores horarios están suxeitos as posibles modificacións que se deban introducir por motivos organizativos.

Artigo 6. Criterios de adxudicación.

- Cada solicitante poderá matricularse en unha ou varias actividades, pero para cada actividade só poderá inscribirse nun local social.
- No caso de que o número de prazas solicitadas non supere o número de prazas ofertadas, a adxudicación de prazas realizarase de forma directa.
- No caso de que o número de prazas solicitadas si supere o número de prazas ofertadas, terán preferencia na adxudicación as persoas empadroadas no Concello de Barbadás (que se comprobará de oficio pola Administración)

De persistir un número de solicitudes maior que o de prazas ofertadas resolverase usando como criterio entre os empadroados no Concello de Barbadás, o especificado na Resolución do 27 de febreiro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai público o resultado do sorteo para resolver os empates no procedemento de admisión de alumnado para o curso 2024/2025, para resolver o empate, terase en conta o número 0,70 resultante do sorteo público, dividido entre 100 (70/100).

Este número multiplicarase polo número de solicitudes empatadas, e o resultado da multiplicación redondearase á alza. O número enteiro obtido determinará a solicitude que ocupará o primeiro lugar seguindo a orde do número de rexistro das solicitudes.

Artigo 7. Prazos e lugar de presentación de inscricións

1. O prazo inicial de presentación de solicitudes será dende o día 20 de maio de 2024 ata o día 31 de maio (ámbolos inclusive).

2. A inscrición poderá realizarse por calquera das seguintes formas:

- Presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Barbadás. Deberá presentarse cuberto o modelo de solicitude conforme ao Anexo I, xunto co modelo de autoliquidación do prezo público. Como acreditación do pagamento bastará coa validación mecánica do modelo de autoliquidación pola entidade bancaria ou ben, co xustificante de transferencia ou ingreso bancario.

- De forma telemática a través da sede electrónica do Concello de Barbadás <https://barbadas.sedelectronica.gal>. A inscrición deberá realizarse obrigatoriamente a través





do trámite habilitado “INSCRICIÓN ACTIVIDADES DE LECER”, no que se cumprimentará o formulario, e se achegará o modelo de autoliquidación. Como acreditación do pagamento bastará coa validación mecánica do modelo de autoliquidación pola entidade bancaria ou ben, deberá adxuntarse o xustificante de transferencia ou ingreso bancario. Non será válida a inscrición presentada a través de calquer outro trámite da sede electrónica.

- O modelo de solicitude (Anexo I) e o modelo de autoliquidación (Anexo II) estarán dispoñibles na páxina web do Concello (www.barbadas.es).

3. Serán admitidas aquelas solicitudes presentadas fora do prazo inicial establecido, sempre que exista grupo formado e non altere o normal funcionamento de aquel.

Artigo 8. Calendario de publicación dos admitidos/excluídos.

1. O calendario de publicación das persoas admitidas e excluídas ás actividades de lecer será o seguinte:

- 10 de xuño de 2024. Publicación de listados provisionais de persoas admitidas/excluídas en cada actividade
- 11 de xuño a 18 de xuño. Prazo de 5 días hábiles para presentar alegacións ou documentación que emende, no seu caso, o motivo de exclusión.
- 20 de xuño de 2024. Publicación do listado definitivo de admitidos.

2. As datas anteriores poderán ser obxecto de modificación por Resolución de Alcaldía por razóns técnicas debidamente acreditadas ou cando o número de inscritos ou solicitudes a valorar impida a súa tramitación en prazo. En todo caso, publicarase anuncio informativo coas novas datas.

3. Os listados publicaranse na sede electrónica, na páxina web do Concello de Barbadás, e nos taboleiros de anuncios do Concello e das oficinas municipais da Valenzá.

4. As persoas non admitidas pasarán a formar parte dunha lista de espera, conforme a orde establecida.

5. Deberase solicitar o abono da cantidade efectivamente pagada nos seguintes casos:

- Ao non celebrarse a actividade se non se acada o número mínimo de participantes.
- Se a persoa resulta excluída por non cumprir os requisitos para a participación das actividades





- As persoas integrantes da lista de agarda poderán optar entre solicitar a devolución e renunciar á lista de agarda ou permanecer nela, en cuxo caso, finalizado o curso sen que finalmente fose participante se procederá de oficio á sua devolución.

Artigo 9. Prezo e forma de pago

1. O prezo das actividades, segundo o prezo público aprobado en Xunta de Goberno Local de data 3 de agosto de 2023 será de 20€ para as actividades de ximnasia de mantemento, manualidades e pintura, e 24€ para a actividade de teatro, pola anualidade 2024-2025

2. O pagamento deberá realizarse mediante ingreso ou transferencia bancaria o número de conta / IBAN: ABANCA (A VALENZÁ): ES21 5342 5431 1000 9242

*Indicando como concepto a actividade de que se trate (manualidades, ximnasia, pintura ou teatro) e o nome e apelidos da persoa participante.

3. A acreditación do pagamento realizarase no momento da inscrición por calquera das seguintes dúas formas:

- Validación mecánica do modelo de autoliquidación pola entidade bancaria.
- Presentación do xustificante da transferencia/ingreso bancario

4. No Modelo de Autoliquidación deberá indicarse o número de conta no que, de ser o caso, proceda a devolución do prezo.

Artigo 10. Chamamento por lista de agarda

No suposto de que quedasen prazas vacantes, chamarase por rigorosa orde aos solicitantes en lista de espera. Realizarase un máximo de 2 chamadas, de non ser posible a comunicación telefónica, chamarase ao seguinte solicitante da lista.

Artigo 11. Solicitudes de alta fora de prazo de inscrición.

Estarán suxeitas ás prazas dispoñibles. De non existir praza, pasarán a formar parte da lista de espera.

Artigo 12. Condicións de participación

A participación nas actividades supón a aceptación das presentes bases.

O Concello de Barbadás resérvase o dereito de realizar os cambios oportunos que poida considerar precisos para o correcto funcionamento das actividades.





Concello de Barbadás

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co visto e prace do alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expido a presente certificación

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 9ASLD2A5SLGTRCk2D3RD5CTZL
Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 9

